



Regulamento Xeral da Carreira Popular de A Merca 2016

Data celebración: 17 de Abril de 2016

1. A saída da Carreira Absoluta darase no Pavillón Municipal ás 11.00 horas. A de menores terá saída as 10:15 horas. A carreira dos pitufos, farase entre o final da carreira de menores e o inicio da absoluta A liña de meta estará situada en mesmo lugar.
2. O percorrido será de 10.000 m para a absoluta, 3.000 m. para os menores e 150 m. para os cativos e discorrerá polas rutas sinaladas en planos adxuntos.
3. Ao longo do percorrido, estableceranse controis.
4. Admitíranse inscricións a través da páxina web [www.championchipnorte.com] facendo constar todos os datos requiridos no procedemento da inscrición. A inscrición poderase realizar ata o 14 de abril de 2016.
5. O prezo de inscrición será na carreira absoluta de 4,00 € para corredores que posúan chip e 5,00 € para corredores que teñan que alugaro chip. As inscricións nas carreiras de menores e pitufos e gratuíta para todos os corredores.
6. A recollida dos chips e números poderase realizar o domingo día 14 de Abril de 8:00 a 10:45 horas na Cancha Central do Pavillón Municipal.
7. O chip entregado a cada participante deberá ser colocado nos cordóns das zapatillas antes de dar a saída, e deberá ser devolto tras a participación. Os corredores que non o leven chip ou que non entreguen o mesmo se é de préstamo, non entrarán nas clasificacións, non recibirán a camiseta nin ningún outro premio.
8. Establécense categorías para mulleres e homes con clasificacións diferenciadas. As categorías corresponden aos nados nos anos indicados:

CATEGORIAS

CARREIRA DE CATIVOS (150 m)

- Nenos nados despois do ano 2009.

CARREIRA MENORES (3 Km.)

- Benxamín (nados no ano 2007 e 2008)

- Alevín (nados non ano 2005 e 2006)

- Infantil (nados non ano 2003 e 2004)

- Cadete (nados non ano 2001 e 2002)

CARREIRA ABSOLUTA (10 Km.)

- Xuvenil (nados non ano 1999 e 2000)*
- Junior (nados non ano 1997 e 1998)*
- Promesa (nados no ano 1994, 1995 e 1996)*
- Sénior (nados no ano 1993 ata veteranos)*
- Veteráns A (+ 35 anos)*
- Veteráns B (+40 anos)*
- Veteráns C (+45 anos)*
- Veteráns D (+50 anos)*
- Veteráns E (+55 anos)*
- Veteráns F (60 anos)*
- Veteráns G (65 anos e posteriores)*

9. Premios: Trofeos para os primeiros/ás clasificados/ás de cada categoría; camisetas para todos os participantes que crucen a liña de meta co control aberto.
10. A entrega de trofeos terá lugar ao remate da proba absoluta na cancha do Pavillón Municipal.
11. Para poder recoller os premios deberase xustificar documentalmente o ano de nacemento dos atletas, por medio do DNI os españois ou documento legal en vigor (pasaporte) os estranxeiros.
12. Os participantes deberán situarse por detrás da liña de saída 15 minutos antes do comezo da proba, atendendo en todo momento, ás indicacións da organización.
13. Está prohibido e acompañamento dos participantes por vehículos de axuda.
14. O percorrido estará sinalizado.
15. A carreira estará controlada por persoal do Concello.
16. Será motivo de descalificación, entre outros, os seguintes aspectos: non realizar todo o circuíto da carreira, non levar número ou manipulalo e falsificar datos persoais.
17. Non se admiten reclamacións.
18. O feito de participar nesta carreira implica a aceptación deste regulamento e dá dereito á organización para poder facer uso das imaxes do evento para a súa utilización.

Información da proba:

- Telf: 988 260 000
- www.championchipnorte.com